

PROGRAMACIÓN DO EDNL

CURSO 2020-2021

1.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO IES FRANCISCO AGUIAR

A bisbarra á que pertence Betanzos conta con dous institutos de ensino secundario e bacharelato, sendo o Francisco Aguiar o máis antigo. Ao noso centro acoden alumnos censados no concello e vila de Betanzos, pero tamén noutros veciños. En concreto, acollemos estudantes de Abegondo, Aranga, Bergondo, Coirós, Miño, Monfero, Oza dos Ríos, Paderne e Vilarmaior. Pódese dicir, xa que logo, que os rapaces que enchen as nosas aulas proveñen, na súa grande maioría, dun entorno vilán, semirrural ou mesmo rural propiamente dito.

Isto talvez podería facernos pensar que a maioría dos nosos alumnos pertencen a un entorno social galego falante, disposto, a priori, ao seu uso cotián. E, efectivamente, é así nunha boa porcentaxe de casos. Cando nos reunimos coas familias dos alumnos, cos seus pais e avós, comprobamos que a maior parte destas persoas se expresan en galego de xeito habitual.

Sen embargo, como veñen demostrando os últimos estudos sociolingüísticos, a realidade demostra que moitos destes mozos e mozas galego falantes abandonan a lingua de Galicia dende ben cativos. As actitudes diglósicas de moitas familias, o efecto desgaleguizador que provoca o ensino mesmo en moitos falantes (incumprimento da normativa vixente en materia de lingua, nulos esforzos por galeguizar máis o seu labor profesional por parte de moitos profesores, etc...), ou incluso, todo hai que dicilo, unha patente pasividade das autoridades educativas para que todo isto deixe de ocorrer, son algunhas das causas, aínda que non as únicas, que poderían explicar ese abandono.

Entendemos que aquí non ha lugar nin é este o momento para analizar polo miúdo o proceso inevitable de perda de falantes de galego nos últimos anos, mais apuntar a constancia que temos deste proceso e manifestar, desde a perspectiva cualificada de profesionais do ensino, a nosa preocupación polo que está a acontecer especialmente no mundo do ensino, parécenos de todo punto necesario nun documento coma este. Ao fin e ao cabo, recuperar eidos de emprego do noso idioma, contribuír ao seu fortalecemento nos falantes en período de formación ou axudar a comprender mellor o fenómeno cultural galego no seu conxunto son, grosso modo, algunhas das nosas fundamentais prioridades e obxectivos.

O alumnado do IES Francisco Aguiar non foxe da tendencia ata aquí sinalizada. No seu conxunto, volve a ser un exemplo entre moitos de preocupante perda de falantes novos cando se relacionan na vida ordinaria con amigos, familia ou profesores. Se observamos o ocorrido, simplemente nos últimos cinco anos, comprobamos axiña que cada vez con mais frecuencia, o galego está practicamente desaparecido como lingua vehicular normal con cursos formados por alumnos de idades máis novas.

Puntualicemos, con todo, que neste centro de Betanzos aínda hai tamén un bo número de rapaces e rapazas galego falantes (sobre todo nos cursos superiores, nos que se asentaron máis os coñecementos e se fuxiu máis decididamente dunha hipotética diglosia inicial), moitos dos cales só abandonan a nosa lingua nas clases impartidas en castelán. Soen ser os alumnos procedentes das zonas rurais, ou tamén os pertencentes a familias máis dispostas "a priori" a prol do galego ou da ideoloxía galeguista. Outros moitos, unha grande parte, amosan idéntica facilidade para se expresaren nunha ou noutra lingua, dependendo a escolla neste caso do interlocutor ou do contexto. Son falantes cunha tendencia normalizada cara a un bilingüismo efectivo, nas que a escolla por unha ou outra lingua depende máis de factores alleos a eles mesmos, como pode ser o feito de que un profesor ou outro impartan a materia ben en castelán, ben en galego. Comprobamos, ademais, que na comunicación entre eles ou cos seus profesores ou o resto do persoal do centro, tamén soen empregar a lingua na que se lles fala. Por último, hai que sinalar un grupo de alumnos exclusivamente castelán falantes, principalmente o colectivo de inmigrantes, provenientes na súa maioría de Centroamérica e Suramérica no caso do noso centro.

Quixeramos engadir, por último que, malia esta diversidade, en ningún caso podemos falar de posturas abertamente diglósicas que dificulten ou impidan un normal desenvolvemento da comunicación diaria e cotiá. Quitado algún esporádico episodio, mesmo entre os rapaces que só falan castelán, as actitudes diglósicas, tal e como as coñecemos en épocas anteriores, están practicamente superadas xa entre as novas xeracións.

Ante este estado de cousas, pensamos que o labor normalizador do ENDL deste instituto deberá ir encarreirado, fundamentalmente, a proporcionar eidos de expresión que favorezan o emprego do galego, modos de uso e espazos nos que ata agora estivo pouco presente, ou devolvéndolle un papel protagonista, por veces perdido. Tamén é importante realizar un traballo de estímulo favorecedor de cambios de postura cómodos ou irreflexivos. Neste sentido, pensamos que é moi importante profundar na idea de que en galego podemos cultivarnos, divertirnos, modernizarnos, e mesmo comprendernos mellor a nós mesmos, ao noso mundo e aos outros mundos que nos arrodean.

A nosa actuación se rexerá, por tanto, pola intención de cumprir, ao menos en parte, estes obxectivos e finalidades, dándolle unha maior preeminencia ás actividades que non sexan específicas do currículo das outras materias, pero igualmente importantes no desenvolvemento da formación dos futuros galegos e galegas.

2.- OBXECTIVOS E MEDIDAS DE APOIO

Indicamos a seguir, de xeito máis concreto, algúns dos obxectivos marcados para este curso que empeza así como as liñas de actuación metodolóxicas que consideramos máis oportunas e efectivas para acadalos.

A.- OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

1. Contribuír a xeneralizar o uso do galego en todas as actividades do centro.
2. Demostrar activamente a capacidade da nosa lingua como manifestación cultural de primeira orde tanto a nivel escrito como oral, musical, etc ...
3. Superar a eliminación de prexuízos diglósicos cara á nosa lingua tanto na realidade da vida escolar como na sociedade en xeral.
4. Procurar un maior prestixio para a nosa lingua como vehículo de calquera manifestación lingüística social.
5. Mellorar as competencias lingüísticas en galego de todos os membros da comunidade educativa.
6. Proporcionar o material de apoio necesario para conseguir os anteriores obxectivos.
7. Seguir na tarefa de concienciación do profesorado cara ao uso da nosa lingua cos alumnos.
8. Implicar a todos os axentes da comunidade escolar no proceso de normalización lingüística do galego.
9. Colaborar conxuntamente cos outros axentes normalizadores dos concellos dos alumnos que asisten ao noso centro, sobre todo co Equipo de Normalización do concello de Betanzos e os ENDL dos outros centros de ensino da zona de actuación do IES Francisco Aguiar.
10. Informar de todas as actividades normalizadoras que poidan interesar aos membros do centro, tanto as realizadas polo propio ENDL como por outras institucións ou instancias autonómicas, provinciais, municipais, etc...

OBXECTIVOS PARTICULARES

1. Buscouse un conxunto de actividades variadas nas que se puidesen implicar o maior número posible de persoas, profesores, alumnos, familias e todo o persoal que conformamos a comunidade educativa.
2. Intentouse que fosen actividades formativas que axuden á educación dos mozos e as mozas, prestando especial atención non só aos aspectos específicos da nosa cultura, senón tamén á ampla temática transversal que os proxectos educativos deben incluír e tratar.
3. Buscouse, especialmente, a implicación no proxecto do maior número posible de Departamentos Didácticos, tentando que as actividades non fosen identificadas soamente co ENDL, senón co conxunto da comunidade escolar.
4. Quíxose, de xeito específico, buscar a amenidade das actividades, o seu interese para diferentes gustos e sensibilidades.
5. Por último, buscamos un obxectivo concreto, o de dar unha idea moderna e activa da nosa cultura, da nosa lingua e da nosa comunidade. Moveunos o desexo de superar co noso traballo, na medida das nosas posibilidades, os prexuízos que encadran todo o galego como atrasado, caduco, vello, inservible ...

B.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

En cumprimento do preceptuado no Decreto 124/2007 de 28 de xuño en vigor, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, o ENDL do IES Francisco Aguiar de Betanzos presenta aquí o seu plan de medidas de apoio e reforzo para o presente curso, elaborado coa finalidade última de cumprir un correcto uso lingüístico escolar e educativo, e alcanzar dese xeito os obxectivos establecidos na Lei de Normalización Lingüística e na LOE, ao respecto do fomento do plurilingüismo. Esas medidas concréntanse do seguinte xeito:

- Desde o comezo do curso escolar, o ENDL iniciará un contacto cos Xefes dos diferentes Departamentos Didácticos do centro para atender ás necesidades de cada un deles referidas a:
 - Proporcionar a axuda necesaria aos profesores que imparten a súa materia en galego. Esta axuda irá dende a simple

corrección lingüística dos materiais empregados, ata unha colaboración máis específica na propia elaboración de materiais curriculares concretos que atinxan especificamente á realidade científica ou cultural galega.

- Contribuír á elaboración en correcto galego de toda a documentación xerada polo departamento: memorias, actas, exames, etc ... ao longo do curso escolar.
- Abrir as canles para a adquisición de novos materiais bibliográficos, fonográficos, audiovisuais, etc ... que poidan contribuír a apoiar e mellorar o traballo cotián en galego de alumnos e profesores. Para iso, proporcionaralle así mesmo ao profesorado información actualizada sobre novas materias lingüísticas e pedagóxicas que axuden a incrementar unha docencia en galego de calidade.
- Colaboración personalizada cos profesionais docentes do centro, incrementando a súa implicación nas iniciativas tendentes a aumentar o uso do galego no centro. Destacamos entre as medidas que consideramos imprescindibles:
 - Por unha parte poñerese especial interese na correcta e actualizada información sobre as posibilidades de formación para todos aqueles que queiran completala ou comezala.
 - Por outra, animarase decote aos profesores ao uso do galego cos alumnos en todos os ámbitos de uso da vida escolar, tentando concienciarlos do seu papel fundamental como transmisor de cultura e coñecementos en galego no camiño da total erradicación de prexuízos.
- Permanente axuda aos alumnos incorporados á nosa comunidade lingüística.

Ao comezo de curso, e coa axuda directa dos titores de grupo e do Departamento de Orientación, elaborárase unha listaxe dos alumnos con necesidades lingüísticas especiais. Estudaranse os diferentes casos e elaboráranse os plans de axuda máis pertinentes para cada caso, dependendo das necesidades particulares. Atenderanse especialmente:

- Os alumnos procedentes doutras comunidades autónomas.
- Os alumnos procedentes do estranxeiro, tanto aqueles que coñecen polo menos algunha das dúas linguas da nosa

comunidade como aqueloutros con evidentes dificultades comunicativas tanto en galego como en castelán.

- Os alumnos con especiais dificultades de aprendizaxe, sexan ou non galegos.
- Para ir acadando unha progresiva incorporación e acomodación destes alumnos á nosa realidade lingüística deberase seguir un protocolo de actuación coas familias e os profesores de apoio dende comezos de curso:
 - Realizando o máis pronto posible un diagnóstico da situación de cada alumno.
 - Poñendo en práctica todas as medidas oportunas en cada caso para comezar o desenvolvemento do proceso de inmersión lingüística, en contacto cos seus profesores de Lingua Galega e con todos os que imparten a súa materia en galego, proporcionándolles a axuda necesaria no seu labor, unha axuda que pode ir dende a adquisición e elaboración de materiais concretos, ata a colaboración específica no enfoque dos problemas que se vaian presentando.
 - Colaborando coas familias dos alumnos implicados, aportando solucións e explicando as dificultades do proceso.
 - Facendo un seguimento caso por caso da evolución do proceso de inmersión en galego, avaliando os logros e fracasos das estratexias, solucionando os problemas que xurdan, corrixindo erros, etc...
- Constante colaboración coa Biblioteca do centro:
 - Tentando unha presenza do galego o máis xeneralizada posible en todas as actuacións da mesma.
 - Contribuíndo a aumentar o volume de material bibliográfico e videográfico na nosa lingua, enchendo baleiros e informando das novidades.
 - Participando activamente nas campañas de lectura, nos clubs de lectura e en todas as actividades desenvolvidas no curso polos profesores encargados do Plan Lector do centro.

- Desenvolvendo actividades específicas para as ocasións sinaladas do calendario anual: Día do Libro, Día das Bibliotecas, Semana das Letras Galegas, etc...
- Consolidando a creación e fomento da Comicteca do Instituto.
- Estreita participación do ENDL do noso centro nas actividades programadas polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos, tanto nas elaboradas pola súa iniciativa como nas que puidesen xurdir dunha colaboración conxunta.
- Inicio de colaboración cos ENDL dos centros escolares dos concellos que nutren de alumnos ao IES Francisco Aguiar de Betanzos. Tentaríase a participación de todos nalgunha actividade colectiva que dese nacemento a unha relación ata agora inexistente, intercambiando experiencias, cedéndonos materiais e recursos, etc ...

3.- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A seguir, presentamos o noso Plan de Actuación conformado por un elenco de actividades deseñadas especificamente para o IES Francisco Aguiar, dada a nosa particular realidade lingüística. Trátase dunha serie de accións programadas para ser levadas a termo ao longo de todo o presente curso, polo maior número de profesores e Departamentos Didácticos, encarreiradas a mellorar a situación da nosa lingua en todos os eidos da nosa comunidade escolar.

Este ENDL comezou a súa andaina no curso 2007-2008. As actuacións para este curso pretenden, sobre todo, consolidar o traballo programado dende hai uns anos, asentando definitivamente as accións que mellores resultados deron. Pero non nos quedamos niso simplemente. Sen querer ser demasiado inxenuos e fuxindo, xa que logo, dun plan de actuación cobizoso de máis, imposible de ser levado a cabo, intentamos, sen embargo, concretar un pouco máis o noso labor, introducindo algunha outra actividade novidosa ou ben modificando algunha xa programada noutros cursos, corrixindo os erros nas menos interesantes ou pouco produtivas.

Quixeramos aproveitar a ocasión para solicitar, na medida do posible, unha axuda orzamentaria maior da que nos foi concedida en cursos anteriores. Só así poderíamos levar adiante algunhas das accións sempre aprazadas ou suspendidas en cursos anteriores, precisamente por falta de medios económicos para facelas realidade. Sobre todo, volvemos facer fincapé na necesidade perentoria que temos de dotar de material ao Departamento de Apoio e Orientación, sobre todo para colaborar ao bo desenvolvemento do seu labor cos alumnos inmigrantes, abundantes na nosa comarca.

Así mesmo, queremos sinalar unha vez máis o noso compromiso co equipo de profesores que, dende hai uns anos, asumiron a responsabilidade do funcionamento da Biblioteca do centro e a posta en marcha do noso Plan Lector. Vista a practicamente nula actuación anterior neste sentido, cremos que é moi importante que o ENDL sexa parte directamente implicada da súa actuación, dada a especial relevancia das cuestións lingüísticas no seu labor. Esperamos que as nosas eivas tamén neste terreo, nos axuden a conseguir unha boa axuda para comezar desde agora un despegue definitivo neste sentido.

Consideramos que a presenza do ENDL na vida do centro debe ser constante e permanente, por iso determinamos unha serie de actuacións que cubrirán a totalidade do curso escolar, especialmente durante os dous primeiros trimestres. O terceiro estará dedicado enteiramente ás publicacións e a celebración da Semana das Letras Galegas.

Por último, rematamos indicando a nosa pretensión de vencellar á nosa actuación ao maior número de alumnos e profesores no traballo de normalizar e dinamizar o galego no centro. Este curso esperamos, ademais, que aumente a colaboración coas familias e, a ser posible, co concello de Betanzos e cos ENDL dos centros dos concellos limítrofes.

A.- ACTIVIDADES CONTINUADAS

DOTACIÓN DE MATERIAIS

1. Para contribuír á axuda de todo o profesorado que traballa en galego e animar aos que aínda non o fan modernizando as ferramentas necesarias a tal fin, en contacto con eles e cos Xefes dos Departamentos Didácticos, pretendemos dotar ao centro de material bibliográfico, xornalístico e audiovisual en galego actualizado e completo.

2. Urxe dotar ao Departamento de Orientación de material en galego. Os problemas que tenta solucionar este departamento co apoio á diversidade resúltalle moito máis difícil na nosa lingua pola falta de materiais específicos, sobre todo os necesarios para o traballo cos alumnos inmigrantes, alleos por completo á nosa realidade lingüística.

No noso centro hai xa matriculados non poucos alumnos estranxeiros. A maioría son rapaces procedentes de América do Sur, de fala tanto hispana como lusa. A estes únense algúns procedentes da Europa do Este, así como outros provenientes doutras comunidades autónomas de España.

O material para traballar con eles en galego é practicamente nulo no noso centro. Cremos que o ENDL debe contribuír a solucionar esta

situación, non soamente coa axuda persoal, senón tamén proporcionando pouco a pouco o material axeitado para que todos os rapaces con dificultades poidan ser atendidos, en cadanseu nivel, en galego na mesma medida en que o son en castelán.

Agardamos poder seguir mellorando ano a ano as condicións que propicien unha boa integración lingüística das persoas con máis dificultades, así como o traballo dos que teñen que contribuír directamente a esta integración. Comprometémonos a solicitar unha axuda orzamentaria específica para esta partida.

COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA

Como xa se indicou anteriormente, é obxectivo sinalado desde ENDL realizar co grupo de profesores encargados da Biblioteca do centro unha serie de actividades tendentes á progresiva normalización do galego, animando ao emprego da nosa lingua en todas as súas actividades. Entre elas:

- Contribuír ao acrecentamento dos fondos bibliográficos en galego, principalmente dos fondos da Comiecteca recentemente creada.
- Contactar con algún creadores galegos que puideran asistir ás sesións de libro forum nas que participasen tanto profesores e alumnos como tamén as familias destes.
- Realizar un labor de recolleita de materiais tradicionais entre os alumnos e as familias (receitas, xogos, panxoliñas ...) e colaborar en pequenas edicións das mesmas que logo podían ser repartidas entre todos os membros da comunidade educativa.
- Organizar certames de creación audiovisual e literaria para alumnos e profesores en diferentes momentos sinalados do curso: Día da muller traballadora, Día da Paz, Día da Árbore, Día do Medio Ambiente, etc ...
- Participar directamente nas sesións de cine forum, aportando material videográfico de temática galega ou feito en Galicia.

ORGANIZACIÓN DE EVENTOS CULTURAI

Como xa se fixo noutros cursos, esperamos poder realizar ao longo do presente algunhas actividades nas que poñer en contacto aos nosos alumnos con persoeiros galegos de todos os eidos da cultura, da ciencia ou do

deporte. Sería unha extraordinaria maneira de que os rapaces puxesen en valor o propio, tendo un contacto directo coa valía e modernidade representada nesas persoas. Tentaremos: encontros con escritores, con autores de cómic, con músicos, con persoas relacionadas co mundo do cine, con deportistas e con científicos.

Para facer esta actividade contaríamos cos profesores dos Departamentos correspondentes e traballariamos coordinadamente con eles para secuenciar as visitas de xeito que haxa unha por trimestre como mínimo.

A IDENTIFICACIÓN DO ENDL

Seguiremos buscando, tamén este curso, unha presenza constante e clara do ENDL na vida cotiá do centro. No mundo en que andamos, e na rapazada en particular, o que non se ve é como se non existise. As nosas actividades deben ser ben coñecidas e o ENDL debe ser convenientemente individualizado como un órgano de seu dentro do centro. Ademais, tense que dotar de canles de información para facer chegar convenientemente a todos a súa actuación.

Para acadar todo isto, seguiremos utilizando os grandes paneis do ENDL, situados nos corredores, vestíbulos e lugares de paso estratéxicos do centro para:

- Informar puntualmente de todas as nosas actividades.
- Contribuír á posta en coñecemento de toda a comunidade das novas importantes referidas a Galicia e ao galego dentro e fóra do recinto escolar.
- Informar de todas as convocatorias, axudas, conferencias, concursos, etc ... que poidan interesar.
- Facer pequenas illas de galegidade: "A frase da semana", "O persoeiro do mes", etc ...
- Intentar un ano máis, xunto co Departamento de Plástica, atopar un logo, unha marca ou unha imaxe que nos identifique.
- E, sobre todo, levar a cabo as nosas campañas de Normalización, unha por trimestre, como vimos facendo nos últimos cursos. Seguiremos insistindo na galeguización da antroponimia, no intento de desbotar a crenza de que o galego non é útil, e animando ao seu uso.

B.- ACTIVIDADES PUNTUAIS

EDICIÓN DA NOSA REVISTA DE BANDA DESEÑADA *BD.BANDE*

Os Departamentos de Educación Plástica e Lingua Galega, así como o grupo de profesores encargados da Biblioteca e o ENDL veñen colaborando nos últimos cursos na elaboración de varios traballos cos alumnos da ESO, tendentes á difusión da novena arte na comunidade escolar. Moitas foron xa as actividades realizadas neste sentido, desde exposicións de orixinais das obras gañadoras dos premios Castelao de BD organizados pola Deputación da Coruña, ata encontros e charlas cos alumnos dalgúns dos máis relevantes autores galegos do xénero.

Ao abeiro destas actividades, o ENDL leva xa publicados algúns números dunha revista de Banda Deseñada realizada polos alumnos e profesores do centro, con cargo ás axudas recibidas da Consellería nos últimos cursos. Incluímos nesta publicación os mellores traballos realizados polos alumnos ao longo do curso escolar, recensións de lecturas feitas por profesores e alumnos, traballos sobre autores e personaxes, ou entrevistas efectuadas a autores de prestixio. Hai sempre seccións dedicadas especialmente aos autores galegos e ás últimas publicacións na nosa lingua. Esperamos consolidar esta actividade e poder seguir publicando moitos cursos máis a nosa revista que tan boa acollida ten, sobre todo entre os rapaces.

OUTRAS PUBLICACIÓNS

Un ano máis, os membros do ENDL do noso instituto amosamos a nosa dispoñibilidade para traballar todo o curso na elaboración dun xornal escolar. Consideramos que a prensa escolar en galego, feita por rapaces, é un dos medios educativos máis válidos para a formación dos alumnos e a normalización do galego nos centros de ensino. Esta será unha das actividades que máis empeños necesitará pero, ao mesmo tempo, é tamén unha das que máis colaboracións diferentes pode acoller e na que máis persoas poden colaborar.

O xornal estaría dividido en diferentes apartados temáticos, como é usual neste tipo de publicacións. Debe constar de seccións dedicadas ás novidades do centro (viaxes culturais, actividades extraescolares desenvolvidas polos diferentes departamentos ...). á opinión, aos deportes, á ecoloxía e o medio ambiente, á actualidade, e por suposto á cultura. Tampouco descartamos seccións de pasatempos, anuncios, adiviñas, etc ...

Para cada sección buscaranse profesores encargados que dirixan o traballo dos alumnos e o coordinen. Formarase, así mesmo, un equipo de redacción cun grupo de alumnos encargados, ao tempo que se abrirán as portas a toda persoa da comunidade escolar interesada en participar.

Este traballo xa foi iniciado nos cursos anteriores, pero nunca se puido concretar nunha publicación concreta por falta de medios económicos. Esperamos poder contar co orzamento necesario este curso.

Non se descarta tampouco a posibilidade de facer unha pequena edición web na páxina do instituto.

SAÍDAS CULTURAI

Un curso máis o ENDL se poñerá en contacto cos diferentes Departamentos para colaborar na organización dalgunhas saídas culturais referidas especificamente á realidade galega que complementen as que tales departamentos didácticos teñan organizado para o presente curso.

En concreto, este ano buscaremos a colaboración dos profesores de arte, de historia e xeografía para realizar algunhas saídas para asistir a exposicións, coñecer a realidades históricas que enraízan a nosa cultura coas outras culturas hispánicas ou mesmo europeas.

ORZAMENTO DO ENDL

Para levar adiante todas as actividades propostas, consideramos necesarias as seguintes partidas orzamentarias:

- Por unha banda, a dotación do propio centro ao ENDL, feita a través do Departamento de actividades extraescolares e complementarias do que é responsable a Vicedirección.
- En segundo lugar, esperamos a colaboración económica dos departamentos, especialmente no referido á adquisición de material en galego.
- Por último, o ENDL encargárase de participar na convocatoria de axudas económicas para os ENDL que cada ano realiza a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a potenciación do galego nos centros de ensino dependentes dela.

Con estas achegas económicas agardamos poder levar adiante este plano de actuacións que presentamos agora ante a Inspección Educativa para a súa aprobación. Quedamos á súa disposición para calquera aclaración, esperando que a súa avaliación sexa positiva.